

PREGÓN DAS FESTAS DE SAN RAMÓN E SANTA MARÍA 2026

Daniel Veiga Roca

Sra. Acaldesa, Sra. Concelleira de Cultura, autoridades, veciñas, veciños, visitantes, amigas e amigos. Boa tarde.

Quero comezar dando as grazas a Mónica e a Marta por ter pensado en min para pronunciar este pregón. Recibín a noticia, seguramente ao igual que os meus predecesores, cunha mestura de medo e ilusión, de responsabilidade e de emoción. Pero afrontar este reto abriume un espazo de reflexión que me permitiu, durante meses, volver a vivir cousas que xa vivira. Volver a lembrar a miña infancia e aos que xa non están. Ter máis claro aínda de onde veño. E grazas a esta oportunidade... tamén máis claro cara onde vou.

Como mantedor deste Certame quero achegar tamén unhas palabras de agarimo aos participantes e membros do xurado desta edición. Grazas, de corazón, por espir a vosa alma sobre o papel baleiro. Por seguir facendo de Vilalba terra de poetas e por inspirarnos fondamente a aqueles que amamos a arte e a beleza. Os meus parabéns a Jacobo Paz Limia, gañador deste certame, e o meu alento aos que, desta volta, non acadastes o galardón.

Tiven a sorte de que fai un intre fora Xulio Xiz, voz sempiterna deste certame, o que me presentara. E así, non ter que facelo eu... porque non sabería por onde comezar. E é que ás veces, a nosa historia arrinca moito antes de que nós veñamos a este mundo. No meu caso é preciso botar a vista atrás para comprendelo.

Temos que retroceder moitos anos, ata 1850, para atopar as primeiras certezas da existencia dunha banda en Vilalba. En 1880 xa eran dúas: a Banda del Sur e a Banda La Lira, que catro anos despois se fusionarían para dar lugar á Banda Municipal de Vilalba, dirixida ata 1925 por Santiago Mato Vizoso, patriarca da música na nosa vila. Catro anos antes, en 1921, Celestino Currás Guntín puxera en marcha a Banda Nueva Lira, recuperando o nome da antiga formación.

É nos albores do século XX cando se consolida unha tradición musical en Vilalba marcada por dúas familias: os Matos e os Longos. As bandas que lideraban acabarían por desaparecer en 1947 converténdose en orquestras, moi ao estilo das que hoxe animan as nosas verbenas, cos nomes de “Orquesta Mato” e “Orquesta Nueva Lira” (que non Nueva Línea). Esta última mantívose en activo durante varias décadas e estaba formada maioritariamente por varios irmáns que, finalmente, fixeron que a tradición dos “Longos” se identificase co apelido Guntín. Así, Vilalba quedou sen banda de música durante 40 anos.

Eu nacín un 6 de xuño de 1989 e nese momento tamén renacía a Banda de Música de Vilalba. A formación en linguaxe musical comezara dous anos antes. O Concello investiu entón unha boa contía económica en dotar de instrumentos musicais a un nutrido grupo de rapaces que, con moita ilusión, comezaban ao pouco os ensaios conxuntos. E ata hoxe.

Pero as casualidades.... non rematan aquí. Aínda que na miña casa sempre se dixo que meu irmán, na cara, era igual que o “Vello Longo”, eu non me imaxinaba que falaban de Manuel Currás, o meu tataravó, que tocaba o baixo na primeira Banda Municipal. Aínda que miña avoa se lembrase tantas veces do “Tío Celestino”, non supoñía que se trataba do fillo de Manuel e de quen impulsara e dirixira unha banda de música en Vilalba durante 26 anos. Cando ía, ben pequeno, a ver ao meu avó á carpintería (cousa que me encantaba porque adoraba o cheiro das serraduras), non sabía que todos aqueles señores tiveran unha orquestra que chegara a ter tanta sona na vila. Cando baixaba á casa de abaixo a xogar con aquel home tan simpático... non sabía que estaba diante do impulsor, fundador e primeiro director da actual Banda de Música de Vilalba.

A miña formación artística comezou no colo da miña avoa Ofelia. Moitos en Vilalba recordan aínda a súa escola na Porta de Cima, onde ensinaba a ler e a escribir. Pero eu tiven máis sorte. Antes incluso de que puidera falar, ela xa se esmeraba en repetirme e ensinarme contos e poemas cun agarimo que aínda lembro. O gusto polas letras foi o primeiro que chegou, pero non o único.

O meu avó, o “Roquiña”, participaba en cantas actividades culturais e musicais había na vila. Lémbrome del tocando coa murga “Os mesmos”, cantando coa miña avoa na Coral Polifónica e, un pouco máis adiante, sendo membro da Charanga de Vilalba. A el recórdoo especialmente no seu escritorio, sempre copiando música. Sempre asubindo, cantando todo o día e ata marcando o compás coa man. Pensaredes que foi o meu primeiro mestre de música, pero meu avó sempre tiña un as na manga. Por iso un día, sen vir moito a conto de nada, preguntoume: “Queres ir aos Cursos de Iniciación da Banda de Música de Vilalba?” E do resto pouco máis podo contar.

Aínda que, sendo xustos, o mérito da miña primeira lección de música ten que levalo Pepe Guntín. Na etapa final da súa enfermidade, cando el apenas falaba, a mímica íanos moi ben para entendernos. Xogabamos ás cartas e ao xadrez aínda que naquel momento ningún dos dous, por motivos diferentes, fomos capaces de entender as regras do xogo. Lembro aquel día no que, despois de ensinarme varios instrumentos de púa que tiña gardados nos mobles do salón, sentoume na banquetta do seu piano de parede e procedeu a ensinarme a escala musical. Que ledicia levou cando viu que a aprendera e podía repetila! Supoño que tan grande como o desgusto que apañaría se lle contase que de notas nada... o único que facía era empezar debaixo da segunda letra dourada da marca do piano.

Os meus inicios na música de verdade, sen facer trampas, foron no seo da banda. O meu avó pediulle a miña nai que lle deixara levarme ás clases porque tiña a fórmula perfecta para me gañar. Despois da primeira lección de Linguaxe Musical con Susi Trastoy xa fomos á Librería Pergamino a comprar o meu primeiro método e, de volta para a casa, paramos no Lambuxos a comprar uns Bugles de Matutano, acción que repetiría despois de cada clase. Así... calquera deixa a música!

Despois dun tempo coa linguaxe propuxéronme comezar cun instrumento. Como non tiña moi claro o que era cada un pareceume boa idea anotarme a clarinete porque me dixeron que o profesor era primo meu. De todas as decisións que tomei na miña vida... posiblemente esta fora a mellor. Aínda que só estudiei con el os meus primeiros meses co clarinete, José Ramón Saborido, que hoxe segue ao meu carón na banda, foi o apoio máis grande que sempre tiveron no mundo da música. Dende as primeiras notas ata os momentos máis duros da miña vida profesional nunca faltou un consello, unha axuda ou unha lección que dar. Foron interminables as horas ao teléfono e o apoio incondicional que aínda hoxe me presta. Jose, nunca vou poder agradecerche todo o que fixeches e aínda fas por min. Gracias de corazón.

Cando me fun soltando un pouco co instrumento comecei a asistir aos ensaios da banda. Pasodobres como “El Abanico” ou “Gloria al Trabajo”, zarzuelas como “Gigantes y Cabezudos” ou “La Torre del Oro” (que me gustaba o mesmo que lle gusta a estes pequenos que teño detrás), música dos Beatles ou Suites orixinais para a formación abrironme un mundo novo dentro da música. Aprendín naquel momento que a música compartida é moito mellor. Coñecer xente, facer amigos... aínda me costaba un pouco seguir as partituras pero traballei moi duro sempre coa ilusión de recibir a noticia de poder comezar na banda. E chegou. E estoupei de emoción.

A miña primeira actuación foi, seguindo as casualidades, tal día coma hoxe de hai 27 anos. Comezamos a tarde cun concerto no Hospital Asilo e rematamos no Certame Literario no que, por sorte, non caín de fuciños pese a tocar todas as pezas na beira da silla. O meu avó, despois de tanto esforzo por meterme a música no corpo, non ía permitir que fose vestido coas vellas chaquetas de la que aínda quedaban dos inicios da banda, polo que ese día levaba un elegante traxe novo que mercamos na tenda do Julio. Nunca esqueceré a ledicia, o orgullo e a ilusión daquel San Ramón de 1999. Pero é agora cando comprendo que o meu avó, que daquela levaba xa máis de 50 anos dedicado en corpo e alma á música, sentiu unha ledicia, un orgullo e ata unha ilusión moito maior ao verme alí sentado.

Despois desas primeiras actuacións viñeron moitas máis. A banda foi para min, como é para todos os que están aquí sentados, unha familia presente en calquera momento das nosas vidas. O meu primeiro viaxe foi para tocar un concerto en Burela e entre Ramón e Bobé, como se

foran papá e mamá, obrigáronme a comer unha ración de tortilla nun momento no que, ao contrario de agora, era moi mal comedor. Lonxe de recordalo como algo traumático... naquel intre sentín o agarimo e o amor co que os maiores coidaban de nós. E penso que continúa a ser algo moi presente na asociación e que agardo siga sendo así por moitos anos máis. Sempre con Jana, Menchu e Ramón á cabeza tivemos quen nos atendese, quen agardase con nós ata que nos viñesen buscar ou quen nos achegase a casa se se facía tarde. E moito máis importante: quen nos escoitase e quen nos respectase en cada etapa das nosas vidas. Na banda, como en calquera grupo tan grande de persoas, sempre hai diferenzas, idas e voltas. E nos maiores do grupo, moitos deles fundadores desta etapa, temos un espello no que mirarnos.

E se hai un momento único para nós ademais do concerto e a cea de Santa Icía (patroa dos músicos), ese é o San Ramón. Nas festas, ademais, a banda leva sendo unha parte ineludible moito tempo. Xa no principio do século XX, Vilalba contaba con dianas e concertos tanto de agrupacións da vila como de bandas profesionais (municipais ou militares) convidadas para estas datas. Nos meus inicios, o colectivo xa formaba parte do Certame Literario o día 30 e compartía escenario coas raíñas e damas. O día do patrón aínda se tocaba un pequeno pasacalles a modo de diana e acompañábase ás autoridades á igrexa. No momento da misa, antes da procesión, os Ramóns da banda convidaban a todos os compañeiros a tomar algo nos Píos, polo que máis dunha vez houbo que formar ás carreiras... Hoxe en día, os grupos tradicionais de Vilalba son os que colleron a testemuña nesa mañá de San Ramón e nós descansamos. Algúns botan de menos eses momentos de convivencia e outros... aínda nos lembramos dalgunha verbena do día 30 que se alongou máis da conta.

O que leva case 35 anos sen faltar é o concerto de San Ramón. Aínda que a banda apareza durante o ano no auditorio, sentila preto é unha sensación diferente, como leva pasando tamén nos últimos 10 anos co concerto do FIV. Durante todo este tempo, a agrupación foi sempre adaptándose ás modas e hoxe en día ofrece un concerto pensado para a xente nova e para o público de sempre no que se xuntan as tradicións coa modernidade. Soa o pasodobre, a zarzuela e a música galega, pero tamén o pop e as cancións do verán. O desexo de chegar a cada persoa desta vila aléntanos aos meus compañeiros e a min a dar o mellor aínda que a sesión vermú e a comida familiar nos impidan ás veces ter un só minuto para repoñer forzas. Non teño máis que palabras de admiración para este grupo que se entrega sen reservas a cada concerto importante sexan cales sexan as circunstancias. Non hai cansazo que apague a súa ilusión e compréndoo porque o vivín dende a cadeira, pero aínda ás veces me sorprendo dende a batuta.

Igual de importante é para nós o Festival de Bandas “Pepe Guntín”, que este ano celebra a súa vixésima edición. Aínda que nun principio non formaba parte da programación das patronais decidiuse incluílo e volver a contar con bandas convidadas como se facía sempre. Esta efeméride

xúntase co 30 aniversario do falecemento do propio Pepe Guntín, o que fai a edición deste ano especial por partida dobre. Aínda que a celebración e o recordo van ser máis intensos nuns días, quédome coas vinte veces que a formación quixo lembrar ao seu fundador. Esta homenaxe e este recordo son a demostración do valor que para nós tiveron as nosas orixes lembrando sempre a quen nos trouxo ata aquí. Persoalmente, só podo dar as grazas por ter a oportunidade cada semana de poñerme á fronte deste grupo e continuar o legado de Pepe Guntín. Con bastante peor xenio, pero coas mesmas ganas e coa mesma ilusión.

Pero para min as festas de San Ramón e Santa María son, aparte de todo isto, moito máis. Cando era un neno eran as rúas ateigadas de xente engalanada polos días do patrón e a patroa. A alameda era como o bulevar dunha gran cidade e fluía no aire ese arrecendo que todo vilalbés coñece e recoñece. Eran as grúas, as atraccións e a noria, que xa me daba medo dende o chan. Era participar co meu pai e o meu irmán na Festa da Bicicleta e rematar a xornada cunha boa enchenta de churros con leite. Era a exposición de vehículos clásicos onde teño unha foto ben fermosa coa miña prima María. Era ver dende a ventá da casa todos aqueles autobuses da Xira dos maiores e o colorido das carpas e os toldos antes de que se edificaran as Pedreiras. Uns anos máis tarde, para min as festas tamén era baixar á Xira cos amigos, colocar unha lona arredor de catro árbores e facelo fogar durante dous días. Aínda gardo algunha camiseta chea de firmas con maiúsculas e minúsculas mesturadas e varias letras omitidas á maneira dos mensaxes de texto daqueles anos. Sempre foi o momento de estrear a roupa de inverno nas verbenas e de ir asumindo que o verán ía tocando ao seu fin.

Hoxe en día as festas son isto e moito máis. Por riba de todo, son o punto de encontro para todas e todos os que nalgún momento vivimos lonxe de Vilalba. Os amigos e compañeiros de sempre aos que, ás veces, só ves unha vez ao ano para poñerte ao día e saber que casou, que tivo un fillo ou, como lles pasaría comigo, que se está quedando calvo. A celebración por excelencia dos que están e o recordo sempre vivo dos que xa non están.

Eu nacín un 6 de xuño de 1989 e cando comecei a ter uso de razón tiven que tomar unha decisión. Ser da Pontenova, pobo do meu pai, ou ser de Vilalba, pobo da miña nai. E dende moi pequeno escollín Vilalba. Porque con tres anos xa rebulía no colo da miña avoa querendo dirixir á banda de Pepe Guntín e porque aquí aprendín moi novo as miñas primeiras técnicas de ensaio escoitando a Don Jesús traballar coa Coral Polifónica. Porque neste auditorio no que nos atopamos vin teatro, ballet, orquestras sinfónicas e grupos tradicionais. Tamén polo que me gustaba ver ao Racing Club Villalbés cunhas pipas os domingos na Madalena e polo recordo daquel ascenso a terceira do ano 99. Porque os domingos de verán, cando aínda se salía tomar os viños pola tarde, sempre pedía aos meus avós que me levaran ao Luar a polos calamares e ao Peón a pola tapa de arroz. Pasei unha infancia feliz na Pontenova estudando no rural, xogando co

balón e percorrendo quilómetros e quilómetros coa bicicleta. E aínda así, as fins de semana e as vacacións todas en Vilalba fixéronme escoller sempre ser chairego.

A día de hoxe sigo escollendo Vilalba. Vivín en moitos lugares, pero todo confluía outra vez aquí. Para gozar das vacacións e para superar os momentos máis difíciles. Para celebrar a vida e para comezar de novo cando as cousas se puxeron feas. Aquí tiven a meus avós e agora teño a meus pais e a meu irmán. Aquí nunca faltaron amigos na Banda. Aquí teño á miña parella e a un grupo de colegas sacado dun episodio de “The Big Bang Theory” dos que podo presumir: levo coñecido moita xente na miña vida e poucas persoas co corazón tan grande como eles. E ata teño a Susana, que coida tan ben dos pequenos do Monseivane como leva coidando de min todos os anos que levamos compartidos.

Se podo darvos un consello... escollede Vilalba. Sexa para vivir ou para volver. Porque aquí temos unha historia e un patrimonio que coidar. Porque hai oportunidades para nacer e para medrar que ás veces non vemos ou non valoramos. E porque no mundo de hoxe en día a vila pode facilitarnos gañar grandes cantidades do que para min é o ben máis prezado: o tempo.

Convíдовos a que nestas Festas de San Ramón e Santa María dediqueades un anaco a valorar o que temos ao noso redor. Vivimos nun momento no que o mundo está moi preto mentres, ás veces, afastámonos de quen temos ao noso carón. Saudémonos, abracémonos, bailemos e gocemos duns días para lembrar. Deixemos pegada no amigo e no veciño. Volvamos a facelas especiais, simplemente, unha vez máis.

Grazas de corazón por terme agasallado hoxe coa vosa presenza e, sobre todo, co voso tempo. Boas Festas de San Ramón e Santa María!